

## **CONVENIO PARA A CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS 2021**

Vilagarcía de Arousa,

### **REUNIDOS:**

Dunha parte, Don Alberto Varela Paz, Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, actuando no seu nome e representación, e

Doutra, Dona Evangelina Sayar Aguiño, con DNI 76858590L, en representación da Entidade Asociación de Disminuídos Psíquicos Con Eles con N.I.F. G36296739, domiciliada en Rúa da Sobreira, 24, Urbanización O Rial, código postal 36611 de Vilagarcía de Arousa, Pontevedra.

Ámbalas dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente Convenio e de común acordo,

### **EXPOÑEN:**

**Primeiro: NORMATIVA DE APLICACIÓN:** Existe por un lado a lexislación autonómica, "Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia" e o "Decreto 11/ 2009 de 9 de xaneiro, Regulamento da Lei 9/2007" . Por outro lado aplicase a lexislación estatal nos



seus preceptos básicos: “Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións” e o “Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, Regulamento da Lei 38/2003” .

**Segundo: NORMATIVA ESPECIFICA:** A Lei 13/ 2008 de servizos sociais de Galicia establece no seu artigo 4 entre os principios do Servizos sociais xerais a solidariedade e a participación, a través do fomento da mesma, consolidación de formas organizadas e estable de solidariedade e participación de entidades do terceiro sector.

**Terceiro:** No seu Artigo 31º, de fomento da iniciativa social, a lei 13/2008, indica “o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e ao carácter innovador das prestacións e servizos ofertados, á eficiencia no emprego dos fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica (...)” . Establece ademais a posibilidade de subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

**Cuarto:** A subvención que se tramita figura como nominativa nos orzamentos vixentes no ano 2021 ou orzamento prorrogado, por estar vinculada con actividades de interese



público, social e humanitario, que se desenvolven de maneira permanente; tratándose de subvencións que polas súas características especiais non poden ser obxecto de convocatoria pública.

**Quinto:** Quedará acreditado o interese público, social, económico ou humanitario da subvención a través da memoria explicativa das actividades da entidade dentro do termo municipal.

**Sexto:** O solicitante manifesta non estar en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o artigo 10.2 da Lei 9/2017 de Subvencións de Galicia, que imposibilitan a obtención da condición de beneficiario, estando o corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Vilagarcía de Arousa.

#### **CLAUSULAS:**

**Cláusula I- OBXECTO DA SUBVENCIÓN:** A presente subvención ten por obxectivo a consolidación e fomento de actuacións solidarias por parte de entidades de iniciativa social, sendo de interese público, social e/ou humanitario destinada a dar cobertura socioeducativa e de atención integral a persoas de especial vulnerabilidade vencelladas a situacións de discapacidade psíquica, física, sensorial ou mental.



**Cláusula II- DEVENGO:** A actividade a subvencionar é o desenvolvemento de actividades realizadas dende o centro e destinadas a persoas en situación de discapacidade durante o ano 2021 (gasto elixible dende o 16 de outubro de 2020 ata o 15 de outubro de 2021), concedéndose a cantidade de 3.000,00 euros e con cargo a partida 231-48002.

**Cláusula III-** A subvención figura nominativamente nos orzamentos polo que se considera adxudicada dende o mesmo momento da aprobación dos orzamentos e unha vez cumprido o trámite de asinar o presente convenio. O órgano competente para a tramitación do gasto é o Alcalde-Presidente ou órgano en quen delegue.

**Cláusula IV-** O Beneficiario comprométese a destina-la devandita subvención para realiza-la actividade fixada, cumprindo o obxectivo contemplado na cláusula I.

**Cláusula V- TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA MEDIANTE PLATAFORMA DE SUBVENCIONS E REXISTRO ELECTRÓNICO NA SEDE DO CONCELLO:** A confección de toda a documentación realizarase a través da **Plataforma de Xestión de Subvencións**, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> no que terán a súa disposición os **Balances, a Conta Xustificativa e anexos dos modelos normalizados** e, na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación e unha vez validada, **xerará uns PDFs finais en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal da**



**Entidade Beneficiaria e, rexistrarse na Sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.**

**Cláusula VI- INICIO PROCEDIMIENTO:** Para o inicio do procedemento de concesión da subvención e preceptivo que o Beneficiario presente no Rexistro electrónico do Concello ([sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)) unha copia asinada electronicamente do presente convenio xunto co orzamento de gastos e ingresos para o ano 2021 (modelo anexo I). Presentarase no prazo máximo dun mes a contar dende a recepción do modelo do convenio que será remitido polo departamento do concello que corresponda. No caso de non presentarse o convenio asinado e co Balance no prazo de 1 mes dende o envío por parte do departamento municipal correspondente, entenderase que renuncia a sinatura do mesmo, e polo tanto renuncia a subvención nominativa.

**Cláusula VII- PAGO:** O pagamento íntegro da subvención será efectiva unha vez realizada a actividade subvencionada, previa presentación da documentación xustificativa da mesma na sede electrónica do Concello de Vilagarcía ([sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)), segundo a Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (VER DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NA CLÁUSULA IX E NORMAS DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN NA CLÁUSULA X)

**Cláusula VIII- PRAZO XUSTIFICACIÓN:** A xustificación deberá presentarse o antes posible no Concello sempre e cando conten con documentación suficiente para xustificar a cantidade concedida (gasto elixible do 16 de outubro de 2020 ao 15 de



outubro de 2021). Non obstante a **data límite para a presentación da documentación xustificativa é o 30 de outubro de 2021.**

**Cláusula IX- DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN:** A entidade, a través de instancia dirixida ao Departamento correspondente do Concello (modelos anexos), deberá presentar no Rexistro Electrónico do Concello (sede.vilagarcia.gal) a seguinte documentación xustificativa:

1. Anexo I-Balance de ingresos e gastos previstos da actividade. Este documento deberá presentarse xunto co convenio asinado tal e como establece a cláusula V.
2. Memoria técnica do desenvolvemento das actividades da entidade a data da presentación da xustificación, asinada polo representante legal da entidade, cos seguintes puntos básicos:
  - Introducción/ Xustificación
  - Obxectivos
  - Programación: actividades/servizos desenvolvidos
  - Persoas destinatarias/beneficiarias
  - Temporalización
  - Recursos utilizados (humanos e materiais)
  - Avaliación e conclusións



3. Anexo II- Conta Xustificativa (ou tamén chamada memoria económica xustificativa) do custo, asinada polo representante legal da entidade, que conterá:

- Importe dos gastos realizados e recollidos no Anexo III que deberá ser suficiente para xustificar a subvención nominativa do Concello.
- Relación detalladas dos ingresos con que se financiou a actividade (incluíndo todas as subvencións públicas concedidas) con indicación do seu importe e procedencia.
- Declaracións segundo os puntos b) ata f) da conta xustificativa.

4. Anexo III- relación de facturas/gastos para xustificar a subvención concedida polo Concello (deberase cubrir todas as columnas do anexo).

5. Facturas orixinais cos requisitos establecidos no R.D. 1619/2012, xustificativas do gasto subvencionado dende o 16 de outubro de 2020 ata o 15 de outubro de 2021 (ou segundo o período de devengo establecido).

a) Como mínimo conterán:

- nº de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
- Denominación social, nif e domicilio de quen expide a factura e do destinatario
- Descrición detallada (concepto, servizo..) e data de realización da operación.



- Importe, desglose do IVE con indicación do tipo aplicable e total. Este desglose recollerase nos anexos III e IV.
- Recargos, descontos e retencións aplicables.

b) Ademais nas facturas, deberá acreditarse o seu pagamento da seguinte forma:

- Deberase utilizar con carácter xeral e preferentemente os medios de pago electrónicos (transferencia bancaria, tarxetas, talóns nominativos...etc)
- Cando a factura teña sido pagada mediante transferencia bancaria ou talón deberá aportarse extracto bancario coa dilixencia da entidade bancaria que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario.
- As operacións cun importe superior aos 2.500 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto no artigo 7 da Lei 7/2012 de 29 de outubro, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente. Esta previsto a modificación deste límite, pasando de 2.500 € a 1.000 €, polo que a Entidade deberá ter presente esta modificación aos efectos do cumprimento da lexislación vixente en materia de pagos en efectivo.
- No caso do que o pago non poida facerse por medios electrónicos, deberá aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:
  1. "pagado" ou "recibín" ,
  2. data do pago
  3. firma e identificación da mesma (dni ou nome completo de que asina)





4. Selo da empresa.

6. No caso de gastos imputables á actividade, como nóminas ou porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas de informe onde se certifique e se explique a porcentaxe aplicable á actividade.
7. Anexo IV- Relación de facturas/gastos para xustificar subvencións doutras Administracións Públicas, seguindo as seguintes instrucións:
  - A xustificación doutras subvencións públicas realizarase a través da presentación do Anexo IV, presentando un anexo por cada organismo público do que se teña concedida axuda/subvención.
  - De non ter presentada a documentación xustificativa noutros organismos públicos, aportarase igualmente o citado Anexo IV coa relación de facturas afectadas ás citadas subvencións (cumprindo o establecidos nos puntos 4, 5 e 6 ) ou indicación de que a actividade non está realizada.
8. Anexo V- Balance de Ingresos e gastos reais ou realizados. No caso de poderse presentar o balance antes da conclusión da actividade deberá presentarse Avance do Balance de ingresos e gastos realizados ata o momento de presentación da xustificación .
9. Anexo VI-Declaración responsable ou Certificados de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (Certificados da AEAT, Consellería de Facenda e Seguridade Social). Os certificados deberán ter unha validez suficiente para a tramitación do expediente.



Segundo o artigo 11. h) e i) do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro (Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia), unha Declaración Responsable do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social substituirá aos certificados sinalados anteriormente nas subvencións para gastos correntes (capítulo IV) e naquelas subvencións para gastos de capital (capítulo VII) nas que a cantidade a outorgar a cada beneficiario non supera os 3.000 €, sempre que os destinatarios das subvencións sexan familias ou institucións sen fins de lucro. Neste caso presentárase o anexo VI.

10. Certificación bancaria do número de conta.
11. Fotocopia DNI do/da representante da Entidade.
12. Fotocopia do NIF da entidade.
13. Certificación expedida polo secretario/a da entidade solicitante, de que a persoa que asina a solicitude é a representante legal da entidade ou documento de nomeamento da mesma.
14. Unha vez finalizado o exercicio 2021, a documentación económica correspondente á totalidade da actividade deberá estar a disposición dos órganos do Concello que precisen realizar labores de comprobación e/ou fiscalización.



## **Cláusula X- Forma de Presentación da documentación no rexistro electrónico do Concello**

A confección de toda a documentación realizarase a través da **Plataforma de Xestión de Subvencións**, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> no que terán a súa disposición **os Balances, a Conta Xustificativa e anexos dos modelos normalizados** e, na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación e unha vez validada, **xerará uns PDFs finais en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal da Entidade Beneficiaria e, rexistrarse na Sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.**

Tendo en conta que o rexistro electrónico do Concello non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberase cumprir as seguintes normas de presentación:

- un pdf que conteña un índice de toda a documentación presentada
- Un pdf por cada anexo.
- Un pdf cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que corresponda.
- Un pdf coa documentación que se esixe nos puntos 10 a 13 da cláusula IX do presente convenio e no mesmo orden en que piden.
- Un pdf coa listaxe de facturas (Anexo III)



-Un pdf coas facturas e xustificantes de pago do Anexo III coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo III e sempre primeiro a factura e seguidamente o seu correspondente xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación...etc.).

-Un pdf coa listaxe de facturas entregadas ou a entregar noutras Administracións públicas (Anexo IV) e nos casos que proceda deberá vir acompañado coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación...etc.).

-Calquera outro documento que se queira agregar deberá vir de xeito independente. (PE: informe xustificativo de imputación de gastos de nóminas...etc.)

Toda a documentación deberá vir asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

Os distintos arquivos deberan ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación,



indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: Por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 rexistros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para emendar.

**Cláusula XI-** O beneficiario queda obrigado a reflectir, en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade, a constancia da colaboración económica do Concello, nas condicións que lle sexan fixadas polos responsables do Área de Comunicación.

**Cláusula XII-** A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia.

**Cláusula XIII-** O beneficiario poderá ser requirido polos distintos departamentos do Concello para a presentación de calquera outra documentación que sexa necesaria.

**Cláusula XIV- CAUSAS DE REINTEGRO:** Procederá o reintegro da subvención sempre que se dean calquera das circunstancias que se establecen nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia ou nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

**Cláusula ADICIONAL INFORMATIVA:** (optativa segundo o tipo de subvención):



1. Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade e se realicen dentro do exercicio 2021 e segundo o disposto no art. 29 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
2. Deberá xustificarse o 100% do importe subvencionado para a percepción íntegra da subvención, unha menor xustificación dará lugar a un recoñecemento proporcional da axuda comprometida.

Nestes termos queda redactado o presente convenio, no contido do cal as partes intervenientes afirmanse e ratifican, asinándoo, por duplicado e a un só efecto, na data da sinatura.